

GUÍA FAMILIAS PROTOCOLO COVID-19

CURSO 2020-2021

Dadas as circunstancias tan especiais nas que nos atopamos, e seguindo ás Instrucións da Consellería de Educación feitas en conxunto coa Consellería de Sanidade, dende o CEIP Pedro Antonio Cerviño vanse adoptar as seguintes medidas: (tamén dispoñibles na páxina web do centro)

✓ INCORPORACIÓN DO ALUMNADO

10 de setembro incorporárase o alumnado de:

- Infantil (3 anos) e infantil (4 anos), 1º de E.P., 2º DE E.P., E 3º DE E.P.

11 de setembro incorporárase o alumnado de:

- Infantil (5 anos), 4º de E.P., 5º de E.P. e 6º de E.P.

✓ ENTRADAS E SAÍDAS

- O alumnado de infantil entra e sae pola porta principal. Poden acceder con eles una persoa por alumno/a, con mascarilla e gardando a distancia de seguridade. Do mesmo xeito poden vir a recollelos na entrada do cole.

A entrada será ás 8:55 h e a saída ás 13:50 h

- O alumnado de primaria entra e sae pola entrada de detrás do centro(patio cuberto). Alí formarán filas e subirán ás aulas acompañados do seu respectivo titor/a, ou Mestre de garda nese momento.

A entrada será ás 9:00 h, e a saída ás 14:00 h.

Non está permitida a entrada ás familias salvo casos especiais que deberán ser autorizados no centro. O alumnado que faga uso do transporte a súa chegada ao centro ocupará os espazos que teñen reservados(infantil diante da porta principal e primaria debaixo do patio cuberto)

O alumnado restante non poderá acceder ao centro ata as 8:55 h que se abra a porta. Nese momento o alumnado dirixirase según a idade, a súa fila correspondente.

✓ PROTOCOLO NA CASA

Deberán realizar na casa unha enquisa (pódese descargar na páxina web). Se vostede contesta afirmativamente (si) a alguna das preguntas desta enquisa deberá chamar ao centro de saúde e avisar ao centro ao Equipo Covid (Ana, óscar, Zaira).

Se o alumno/a mostra sintomatoloxía Covid NON ACUDIRÁ AO CENTRO.

Se un alumno/a durante a súa estancia no centro manifesta sintomatoloxía Covid, o profesorado poñerase en contacto coa familia, que deberá acudir ao centro coa maior brevidade posible, e a familia deberá chamar ao centro de saúde para solicitar una consulta co seu pediatra.

Todo o alumnado, excepto Educación infantil, deberá vir provisto e máscara e dun xel hidroalcohólico no seu estoxo, onde gardará tamén una máscara de reposto.

✓ MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE

O uso da máscara é obrigatorio en todo o centro, tanto para alumnado coma para o profesorado e persoal non docente. Se existise alguna circunstancia especial que impida que o alumno/a leve máscara deberá comunicarllo ao titor/a. Esta comunicación irá acompañada do correspondente certificado médico.

En todos os espazos do centro o alumnado disporá de xel desinfectante, papeleiras de pedal e panos desbotables nos aseos.

Nas primeiras semanas o profesorado explicará as medidas de hixiene e protección, a distancia que haberá que gardar en todos os espazos do centro, o uso dos aseos, así como calquera cuestión que poida xurdir.

Para garantir a seguridade de toda a comunidade educativa, e se esta situación persiste, non haberá saídas nin excursións. Do mesmo xeito, tal e como se indica no protocolo, tampoco haberá celebración como o festival de nadal, magosto, Entroido etc...

As aulas están organizadas en grupos estables de convivencia. Quere isto decir que os alumnos/as dunha aula estable non pode relacionarse co resto de alumnado. Así deste xeito, na hora do recreo permanecerán co seu grupo en una zona do patio que será rotatoria, coa excepción do alumnado de Infantil que farán o recreo no parque.

Haberá persoal de limpeza pola mañán e pola tarde que se ocupará das tarefas de limpeza e desinfección.

Por outra banda, tanto nas aulas, coma nos aseos, coma nos corredores e no suelo, haberá cartelería informativa para o alumnado. Así, verán como hai que lavar as máns e cantas veces habería que facelo, como hai que colocar e retirar a máscara, que facer cando tusimos ou esbirramos etc...

✓ FAMILIAS E TITORÍAS

Mentras dure a pandemia as familias non poderán acceder ao centro. As titorías realizaranse preferentemente por vía telefónica e sempre chamando ao teléfono do centro para concertar una cita. Esta cita tamén se pode concertar a través da axenda do alumno/a. Se a titoría tivese que facerse de forma presencial no centro, as familias chamarán ao mesmo para concertar una cita e deberán de acudir con máscara e gardando a distancia reglamentaria.

En ningún caso, e tal e como recolle o protocolo publicado pola Consellería, será posible a atención presencial coincidindo cos horarios de entrada/saída, nin con intercambios de clase ou recreos.

Da mesma maneira para realizar calquera trámite no centro deberán chamar antes para comunicalo.

✓ COMUNICACIONES

A páxina web do centro será una das maneiras de ofrecer toda a información que sexa de interese. Ademais, recibirán avisos e comunicación a través da aplicación **ABALAR, POLO QUE, TODAS AS FAMILIAS DEBERÁN TER INSTALADA ESA APLICACIÓN NO SEU MÓBIL.**

En caso de que se volverá a una fase de confinamento, seguiremos traballando a través da aula virtual, ou, no caso de 5º e 6º con EDIXGAL.

Para que o alumnado teña una rodaxe e saiba manexarse con estes instrumentos, o profesorado nas primeiras semanas de curso, afondará no uso e manexo tanto da aula virtual coma Edixgal. As familias tendes un vídeo explicativo do funcionamento dos mesmos.

A dirección e o persoal do centro estarán a súa disposición durante todo o curso escolar para resolver ou aclarar as súas dúbidas.

TELÉFONO: 886151205-886151206

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.cervinho@edu.xunta.es